



Guía Docente				
Datos Identificativos				2011/12
Asignatura (*)	Da integración á inclusión educativa do alumnado con necesidades educativas especiais	Código	652439010	
Titulación	MESTRADO UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN, ORIENTACIÓN E AVALIACIÓN EDUCATIVA			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma				
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Nuñez Mayan, María Teresa	Correo electrónico	teresa.nunez.mayan@udc.es	
Profesorado	Nuñez Mayan, María Teresa	Correo electrónico	teresa.nunez.mayan@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Preténdese realizar unha reflexión sobre os conceptos dominantes na educación especial através do tempo....			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A6	Ser capaz de realizar unha análise crítica, avaliación e síntese de ideas novas e complexas.
A9	Posuír e aplicar coñecementos teóricos e metodolóxicos que permitan ó estudante promover o cambio e innovación na institución escolar a partir da avaliación da calidade dos centros educativos.
A16	Xerar coñecementos e capacidades científicas para elaborar proxectos de innovación educativa que incrementen a xustiza social nos ámbitos do xénero, a multiculturalidade, a discapacidade, a clase social e a identidade asociada a calquera característica humana.
A17	Desenvolver temáticas propias da Sociedade da Información aplicadas á educación para promover a igualdade social e rexional, e a mellora do benestar e a calidade de vida dos cidadáns e das cidadás.
B2	Capacidade de adaptación a situacións novas.
B4	Traballar de forma colaborativa.
B8	Ser capaz de comunicarse cos seus compañeiros, coa comunidade educativa e coa sociedade en xeral no ámbito das súas áreas de coñecemento.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)		Competencias da titulación	
Analizar a xénese da da Educación Especial e identificar os supostos teóricos nos que se afianzou a disciplina.		AI5	
Identificar os rasgos teóricos e prácticos da integración escolar e analizar a súa concreción nas aulas e no pensamento relativo á diversidade		AI15	
		AI16	
Deseñar un proxecto de innovación baseado na inclusión da diversidade nas aulas ordinarias.		AI8	BI2 BI4 CM6 CM8
Potenciar un modelo de apoio coherente coa perspectiva inclusiva e sustentado nun modelo de traballo cooperativo			BI4 BI8

Contidos	
Temas	Subtemas
2. A integración educativa	2.1. A crítica práctica á educación especial 2.2. A crítica teórica á educación especial



1. A xénese da anormalidade máis alá dos factores psicolóxicos	1.1. Deconstrución e reconstrución do coñecemento en Educación Especial 1.2. A segregación educativa
3. A perspectiva inclusiva	3.1. : unha crítica ás bases teóricas e prácticas da integración educativa

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Portafolios do alumno	7	20	27
Eventos científicos e/ou divulgativos	0	2	2
Análise de fontes documentais	7	10	17
Lecturas	0	20	20
Seminario	9	0	9
Atención personalizada	0		0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno	Nel recolleranse os resultados das actividades realizadas no seminario, a análise de fontes documentais, os eventos científicos e divulgativos que se analicen nas sesións presenciais, debidamente enriquecidas polo traballo persoal e individual do alumno ou alumna
Eventos científicos e/ou divulgativos	Utilizaranse as ocasións propiciadas polo entorno do alumnado para afondar na realidade da inclusión socioeducativa: conferencias, exposicións, congresos, etc, que serán expostos no grupo e incluídos no portafolio
Análise de fontes documentais	Utilizaranse documentos audiovisuais e bibliográficos: fragmentos de reportaxes, documentais, películas, noticias de actualidade, biografías, que son relevantes para analizar a segregación, a integración e a inclusión social e educativa
Lecturas	Serán facilitadas con antelación para que se revisen antes das sesións presenciais co fin de potenciar unha discusión informada nas sesións de seminario.
Seminario	Nas sesións presenciais potenciarase a discusión argumentada de todos os membros do grupo, así como a elaboración dos esquemas básicos que logo os alumnos e alumnas desenvolveran máis amplamente en base ao estudo e reflexión individual

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno Seminario	Tanto no período no que se desenvolve a docencia presencial como a non presencial farase un seguimento personalizado do traballo que realiza o alumno ou alumna co fin de desenvolver unha avaliación contínua que sexa en si mesma un acto de aprendizaxe

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	Nel recolleráanse as actividades teórico-prácticas levadas a cabo nas sesións presenciais, debidamente enriquecidas coas lecturas persoais e as distintas actividades levadas a cabo ao longo do seminario	40
Eventos científicos e/ou divulgativos	Para ser tomados en consideración na avaliación deben ser analizados e valorados polo alumno ou alumna en base a outros documentos de análise e lecturas facilitadas no seminario	10
Seminario	Será o núcleo global de toda a actividade presencial. Nel englobarase e reflectirase a aportación através das distintas metodoloxías. Valorarase a discusión argumentada e a participación activa e informada	50

Observacións avaliación



Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións	
Materias que se recomenda ter cursado previamente	
Materias que se recomenda cursar simultaneamente	
Materias que continúan o temario	
Observacións	

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías